

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.
CURSO 2019/2020

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILINGUE DE TEBRA

CURSO: 4º EP

DATA: 12 MAIO 2020.

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso, ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

MATEMÁTICAS

Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS		
B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.	MTB1.2.1 - Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas:revisa as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comproba e interpreta as solucións no contexto da situación, busca outras formas de resolución etc	CMCT CAA CSIEE
B1.5.1 - Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas: esforzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada.	MTB1.5.1. Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas: esforzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada.	CMCT CSC CSIEE

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 2. NÚMEROS		
B2.1. Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números (naturais, fraccións e decimais ata as centésimas).	MTB2.1.2 - Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as centésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras..	CMCT CCEC CCL
B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor.	B2.2.1 - Descompón, compón e redondea números naturais e decimais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.	CMCT CAA
B2.3. Operar cos números tendo en conta a xerarquía nas operacións, aplicando as súas propiedades, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se utilizan segundo a natureza do cálculo que se realizará (algoritmos escritos, cálculo mental,	B2.3.1 - Aplica as propiedades das operacións e as relacións entre elas.	CMCT CAA

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.
CURSO 2019/2020

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
tenteo, estimación, calculadora), usando o máis adecuado.		
B2.4. Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá.	MTB2.4.1. Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división (de ata dúas cifras) con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións cotiás.	CMCT CAA
B2.5. Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando	MTB2.5.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións.	CMCT CAA

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.
CURSO 2019/2020

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	MTB2.5.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e buscando outras formas de resolvelo.	CMCT CAA CSIEE
BLOQUE 3. MEDIDA		
B3.2. Operar con diferentes medidas.	MTB3.2.1. Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade e masa en forma simple dando o resultado na unidade determinada de antemá	CMCT
B3.2. Operar con diferentes medidas.	MTB3.2.2. Expresa en forma simple a medición da lonxitude, capacidade ou masa dada en forma complexa e viceversa.	CMCT
B3.2. Operar con diferentes medidas.	MTB3.2.3. Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude.	CMCT
B3.3. Coñecer as unidades de medida do tempo e as súas relación, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria.	MTB3.3.1. Resolve problemas da vida diaria utilizando as medidas temporais e as súas relacións.	CMCT CAA

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
B3.4. Coñecer o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea.	MTB3.4.1. Coñece a función, o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais coma figuradas.	CMCT CAA CSC
BLOQUE 4. XEOMETRÍA		
B4.1. Coñecer as figuras planas; cadrado, rectángulo, romboide, triángulo, trapecio e rombo.	MTB4.1.1. Clasifica triángulos atendendo aos seus lados e aos seus ángulos, identificando as relacións entre os seus lados e entre ángulos.	CMCT CAA
B4.2. Utilizar as propiedades das figuras planas para resolver problemas	MTB4.2.1. Clasifica cuadriláteros atendendo ao paralelismo dos seus lados	

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.
CURSO 2019/2020

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
B4.2. Utilizar as propiedades das figuras planas para resolver problemas	MTB4.2.2. Identifica e diferencia os elementos básicos da circunferencia e círculo: centro, raio e diámetro.	
B4.3. Coñecer as características e aplicarlas para clasificar: poliedros, prismas, pirámides, corpos redondos: cono, cilindro e esfera e os seus elementos básicos.	<p>MTB4.3.1. Identifica e nomea polígonos atendendo o número de lados.</p> <p>MTB4.3.2. Recoñece e identifica poliedros, prismas, pirámides e os seus elementos básicos: vértices, caras e arestas.</p> <p>MTB4.3.3. Recoñece e identifica corpos redondos: cono, cilindro e esfera e os seus elementos básicos.</p>	

**Os mínimos que se decidiu dar porque se consideran imprescindibles pero debido á situación de alarma, terán que ser vistos ao inicio de curso en setembro, [están reflectidos en cor azul](#).

Modifícase respecto o modelo que se teñe na programación didáctica

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none">- Traballos individuais <p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none">- Fichas de actividades- Actividades interactivas.- Rexistro da realización de tarefas e actividades propostas.- Coordinación coas familias a través das seguintes canles: blogue de aula, correo electrónico, web do centro, aplicación Clasdojo...).
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p>A avaliación e cualificación final do alumnado considerará en conxunto as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres, así como as actividades de reforzo, repaso e recuperación realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020.</p>

En atención ao criterio de avaliación continúa, consignarase a cualificación final coa media das dúas primeiras avaliacións podendo ser esa cualificación modificada, sempre en beneficio do alumnado, ata un máximo dun 10% segundo as condicións e características do traballo desenvolvido dende a suspensión da actividade lectiva presencial nas aulas e atendendo á adecuación do mesmo, seguimento activo das aprendizaxes e implicación e grao de calidade nas tarefas propostas.

Tomaranse como referencia os seguintes Ítems en relación a ese 10%:

- 1) Entrega todas as tarefas propostas o mesmo día e correctas: 1 pto
- 2) Entrega todas as tarefas propostas correctas, máis fóra do día: 0,5 pto
- 3) Entrega todas as tarefas propostas fóra ou dentro do día, pero de forma incorrecta: 0,25 pto

**Alumnado de
materia pendente**

Os alumnos con materias pendentes deberán presentar os traballos solicitados para poder superar as mesmas.. No mes de xuño, ata cinco días antes da avaliación, recolleranse os traballos propostos.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	As actividades que se plantexan para este 3º trimestre, seguen a liña plantexada durante o curso, polo que os alumnos e alumnas xa están afeitos a realizar, aínda que algunhas están adaptadas á situación que estamos vivindo, reducindo o traballo grupal e fomentando a autonomía, tratando de facelas motivadoras e atractivas.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<p>A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestaremos atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas actividades que propicien a aprendizaxe autónoma.</p> <p>Partirase de experiencias e aprendizaxes previas do alumnado e terase en conta os seus diferentes ritmos. Fomentarase o traballo que favoreza a consolidación e o reforzo de contidos xa traballados.</p> <p>En canto ao alumnado con conectividade, realizouse o envío e o seguemento do desenvolvemento das tarefas propostas a través do Blogue de aula, así como a través do correo electrónico.</p> <p>En canto ao alumnado sen conectividade, enviábanse as propostas de actividades e tarefas a asuntos sociais, onde lle facilitaban as fотopias das tarefas enviadas pola titora.</p>
Materiais e recursos	O material que se empregará será o material propio do alumnado co que traballou ao longo do curso, material da súa vida cotiá, obxectos e recursos que poidan ter na casa, adaptándonos á situación de

cada familia en particular. Debido á dificultade por parte dalgunhas familias de acceder a material ou recursos TIC's, as tarefas serán flexibles e accesibles para todos.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	O alumnado e familias son informados a través da Páxina web do cole, abalarmóbil, correo electrónico e a aplicación Classdojo.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro e na aplicación Classdojo.